

O SERGAS DENEGA PERMISOS E IMPIDE A CONCILIACIÓN

CIG-Saúde solicitou á Dirección de RRHH do SERGAS que se aborde na Mesa Sectorial do próximo mércores 13 de xullo a situación de **déficit de persoal existente** e que leva a que as Xerencias actúen:



- **Denegando** sistematicamente tódolos permisos, incluída a conciliación
- **Reducindo o ratio** de profesionais nos centros, servizos e/ou unidades
- Nos casos que retribúen as horas, que as/os profesionais fan a maiores da súa quenda de traballo, realízanse con cantidades incluso por debaixo do que deberan ser as horas de xornada.

O SERGAS non pode continuar con esta sistemática, hai categorías como enfermeiras que levan desde antes da pandemia sen poder desfrutar os permisos de libre disposición. As Xerencias condicionan o disfrute deses permisos a que haxa profesionais para cubrir, dándose situacións de concesión incluso no mesmo día da libranza.

As/os profesionais non poden seguir renunciando aos seus permisos, vacacións, conciliación e que o **SERGAS** non se pare a analizar a situación e tratar de **buscar solucións**.

Para CIG-Saúde ante a imposibilidade de profesionais para contratar e a necesidade de que as/os profesionais realicen xornada fora da súa quenda ordinaria, esta debera retribuírse, canto menos, segundo o valor hora acordado na mesa sectorial de 29 de xuño para *“as prolongacións de xornada en atención primaria”*.

Isto é:

- Médicos/as de familia e pediatras: 51,64 €/hora
- Enfermeiras: 33,80€/hora

Isto trasladaríase a tódalas categorías onde non haxa posibilidade algunha de contratación, na proporción que lle correspondese.